

**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN  
INTERNA, DUNHA PRAZA DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, FUNCIONARIO DE  
CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2022  
RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS ÁS PUNTUACIÓNS DO PRIMEIRO  
EXERCICIO DA FASE DE OPOSICION**

Con data de 5 de xullo de 2023 reuniuse o Tribunal do proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha praza de oficial da policía local, funcionario de carreira, correspondente á oferta de emprego público 2022, para resolver as alegacións formuladas, durante o prazo habilitado ao efecto, polo aspirante José Martín Gómez Miramontes en relación ás preguntas 6, 25 e 87 da primeira proba da fase de oposición (rex. entrada nº 2819, de 15/06/2023).

Analizadas as alegacións formuladas polo aspirante José Martín Gómez Miramontes, tendo en conta que, segundo o establecido na base novena das que rexen o proceso selectivo, a primeira proba do proceso selectivo consistirá en contestar por escrito a 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, determinadas polo tribunal, relacionadas cos temas comprendidos no anexo III da convocatoria, e vistos os temas incorporados no citado anexo, o Tribunal formulou as seguintes consideracións:

**1.- Alegación relacionada coa pregunta 6.**

Tratándose desta alegación, cabe salientar que, nos termos nos que está formulada, referíndose ao artigo 162 da Constitución Española, procedería a inadmisión da mesma, ao non entender a vinculación entre a alegación formulada e a pregunta do test cuxa anulación se pretende.

En todo caso e sen prexuízo do exposto, á vista do establecido na Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, e na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e demais normas concordantes, o Tribunal considera que procede desestimar a alegación formulada, ao non concorrer razón algunha que xustifique a anulación da pregunta 6 do exame tipo test.

## 2.- Alegación relacionada coa pregunta 25.

Tendo en conta o establecido nos artigos 34 e 36 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, resulta obvio que non hai ningunha razón para entender que a resposta facilitada como correcta, é dicir á c), non o é, tal e como se desprende dos artigos citados, sen que o argumento utilizado polo interesado, de que a resposta non é literal, resulte suficiente para proceder a súa anulación, considerando o Tribunal que procede polo tanto desestimar a alegación formulada en relación á pregunta 25 do exame tipo test.

## 3.- Alegación relacionada coa pregunta 87.

Tendo en conta o establecido na disposición adicional sétima do Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, referida á responsabilidade en accidentes de tráfico por atropelos de especies cinexéticas, procede estimar a alegación formulada e polo tanto anular a pregunta 87 e substituíla pola pregunta 1 das de reserva.

De acordo co exposto, o Tribunal procedeu a facer as actuacións derivas da estimación da alegación formulada en relación á pregunta 87. Resultando que dita pregunta foi fallada por José Martín Gómez Miramontes e acertada por D. Ignacio Orge García, e resultando así mesmo que a primeira pregunta das de reserva foi fallada por José Martín Gómez Miramontes e acertada por Ignacio Orge García, o resultado das puntuacións obtidas tras a anulación da pregunta 87 e a súa substitución pola pregunta 1 das de reserva, permanece inalterable con respecto ás obtidas tras a primeira puntuación, segundo se detalla a continuación:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
GÓMEZ MIRAMONTES, JOSÉ MARTÍN	5,666
ORGE GARCÍA, IGNACIO	5

**De acordo co exposto, o tribunal acordou:**

**Primeiro.-** Desestimar as alegacións formuladas por José Martín Gómez Miramontes polo que se refire ás preguntas 6 e 25 da proba tipo test, ao non concorrer razóns que, segundo o exposto, xustifique a anulación das preguntas en cuestión.

**Segundo.-** Estimar a alegación formulada por José Martín Gómez Miramontes polo que se refire á pregunta 87 da proba tipo test, procedéndose polo tanto a anular a pregunta en cuestión e substituíla pola pregunta 1 das de reserva, quedando a puntuación dos aspirantes segundo se recolle a continuación:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
GÓMEZ MIRAMONTES, JOSÉ MARTÍN	5,666
ORGE GARCÍA, IGNACIO	5

**Terceiro.-** Facer público o presente na web municipal, no taboleiro de edictos do Concello e no Centro Sociocultural da Ramallosa (lugar de realización do exercicio).

**Cuarto.-** Convocar aos aspirantes para a realización da segunda proba da fase de oposición o **martes 12 de setembro, ás 11:00 horas, reuníndose o Tribunal ás 09:00 do día indicado para a configuración da proba.**

Teo, 11 de xullo de 2023.

A secretaria do Tribunal

VIRGINIA  
FRAGA DÍAZ  
- 76967703C

Firmado  
digitalmente por  
VIRGINIA FRAGA  
DÍAZ - 76967703C  
Fecha: 2023.07.11  
12:31:32 +02'00'

Virginia Fraga Díaz

